



UN PROXECTO EUROPEO IMPULSA O COMERCIO ELECTRÓNICO EN FERRETERÍAS E TENDAS DE ELECTRODOMÉSTICOS GALEGAS

Santiago, 25 de agosto.- Catro entidades sen ánimo de lucro de Galicia e Portugal participan nun proxecto europeo para impulsar o emprego do comercio electrónico nos sectores da ferretería e dos electrodomésticos, e facer posible deste xeito que os negocios que operan dentro deles aforren arredor dun vinte por cento en custos administrativos, segundo cálculos realizados por empresas especializadas en informática e conectividade de datos.

Esta iniciativa, denominada CIC-Commerce (Canle de Información e Comunicación de Datos para o Comercio Tradicional) está liderada pola Fundación para o Fomento da Calidade Industrial, dependente da Consellería de Innovación e Industria, e conta coa participación da Asociación de Empresas Adicadas a Internet (EGANET), do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e do Instituto de Desenvolvemento e Inovação Tecnológica do Minho (IDITE – Minho).

No marco do proxecto CIC – Commerce, financiado con fondos da Unión Europea e da Xunta, proporcionaráselles ás empresas emprazadas no sur de Galicia e no norte de Portugal que se dedican á ferretería, aos electrodomésticos e aos materiais de construción unha ferramenta informática. Esta ferramenta permitiralles automatizar unha grande parte das súas tarefas administrativas, e dedicar deste xeito máis recursos a outro tipo de labores.

Introducir automaticamente os datos de novos produtos, co conseguinte aforro de tempo e diminución dos erros, acceder a un catálogo composto por máis de catro millóns de artigos e enviar facturas e albaráns electrónicos son algunhas das posibilidades que ofrece.

CIC – Commerce naceu para contribuír á penetración das Novas Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (TICs) nun campo no que estas teñen aínda unha presenza moi escasa. Ademais, a utilización deste tipo de tecnoloxías resulta especialmente importante para os negocios dedicados á ferretería, os electrodomésticos e os materiais de construción, dado que todos eles traballan con milleiros de artigos diferentes, e a súa correcta organización e xestión esixe unha grande cantidade de tempo e de recursos.

Este proxecto diríxese a tódolos integrantes da cadea de valor, e por este motivo ofrécelles vantaxes aos fabricantes, que lles poden facer chegar aos seus clientes as variacións de prezos, novidades e ofertas de forma instantánea e incorporar pedidos ao sistema de xestión con só premer un botón, e aos distribuidores e puntos de venda, que reciben as variacións das tarifas tan pronto se producen, así como noticias, tarifas, ofertas, e outra información estratéxica.

Ademais, benefíciense da iniciativa as cooperativas e grupos de comprar que, deste xeito, poden obter as tarifas actualizadas en cada momento, e evitan así as perdas que se producen coa suba dos prezos nos produtos que teñen en stock.

Para máis información, contactar coa sección de comunicación do proxecto CIC – Commerce, no número de teléfono 981 56 98 10, ou escribir ao enderezo de correo electrónico cic-commerce@cesga.es.